



## PLAN DE ACTUACIÓN 2024

**ENTIDADE: FUNDACIÓN GALICIA EUROPA**

**CIF: G15140023**

**Nº DE REXISTRO:1988/1**

**EXERCICIO: 2024**

**DATOS DA ENTIDADE:**

Domicilio: C/ HÓRREO 61

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal: 15701

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

<b>1.- ACTIVIDADES</b> .....	<b>1</b>
ACTIVIDADE 1 : DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE.....	1
A )Identificación.....	1
Pacto Verde.....	3
Transición xusta.....	5
Enerxía.....	6
Política Pesqueira Común.....	7
Política Agrícola Común.....	8
Política Rexional.....	8
Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T).....	9
Retos demográficos.....	9
I+D+i.....	9
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	10
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	10
ACTIVIDADE 2 : PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS.....	11
A )Identificación.....	11
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	13
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	13
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	13
ACTIVIDADE 3: INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA.....	14
A )Identificación.....	14
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	15
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	15
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	15
ACTIVIDADE 4: FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS.....	16
A )Identificación.....	16
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	17
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	17
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	17
<b>2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE</b> .....	<b>18</b>
<b>3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE</b> .....	<b>19</b>
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade.....	19
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade.....	19

## 1.- ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1: DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE

#### A) Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses de Galicia ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

#### Descrición detallada da actividade prevista

2024 será o último ano do actual mandato da Comisión Europea e da lexislatura do Parlamento Europeo coa convocatoria de eleccións en xuño. No seu programa de traballo para o vindeiro ano, a Comisión Europea dá por cumpridos máis do 90 % dos compromisos contraídos nas orientacións políticas que se fixou en 2019, aínda que 143 propostas están aínda en fase de negociación por parte das institucións colexisladoras (Consello e Parlamento). Expedientes como a regulación dos períodos de descanso no transporte por estrada, a xestión dos residuos electrónicos ou a revisión da directiva de morosidade son algúns deles. Varios destes expedientes recibiron un importante pulo por parte da Presidencia española deste semestre como a reforma do mercado eléctrico, a lei eur [REDACTED] materias primas ou o novo regulamento referido aos alugueres turísticos. En 2024, a FGE fará un balance da Presidencia española do Consello, con especial fincapé no papel das comunidades autónomas dentro dela.

Neste último tramo de mandato, a Comisión Europea está poñendo especial énfase en impulsar a competitividade empresarial mediante a redución da carga administrativa que impón a lexislación comunitaria. O obxectivo é reducir nun 25 % as cargas asociadas aos requisitos de notificación, para o que está a revisar toda a normativa comunitaria vencellada, tendo proposto dende marzo 15 reformas normativas e prevendo outras 26 nun futuro próximo. Por outro lado, o executivo comunitario prevé 15 novas iniciativas (na súa maioría, non lexislativas), anunciadas pola presidenta Von der Leyen no seu Discurso sobre o Estado da Unión de setembro, como a proposta dun marco europeo para as titulacións conxuntas expedidas entre varias universidades europeas. En 2024, a FGE estará atenta a estas iniciativas para informar en Galicia.

Por outro lado, o **Ano Europeo das Capacidades**, que comezou en maio de 2023, estenderase ata maio de 2024 co obxectivo de chamar a atención sobre a necesidade de reciclaxe e perfeccionamento profesional dos traballadores europeos. Nesta celebración, a FGE continuará difundindo a nivel europeo a Estratexia Galega de Capacidades, como xa fixo en novembro de 2023 organizando unha visita da conselleira de Emprego e Igualdade a Bruxelas na que se entrevistou con varios responsables europeos.

Respecto ás canles que empregamos para defender os intereses autonómicos no proceso comunitario de decisións, destacamos en 2024:

1. **Comité Europeo das Rexións**, que cumprirá 30 anos, e no que a FGE fomenta unha participación activa dos membros galegos nas máis de 15 reunións que organiza ao ano. En 2024 destaca a revisión do seu funcionamento con vistas a conseguir unha maior incidencia no proceso comunitario de decisións e a celebración do Cumio Europeo de Rexións e Cidades que se celebrará en Mons (Bélxica) en febreiro.
2. **Encontros virtuais Xunta-UE**: a FGE seguirá organizando mensualmente encontros virtuais cos que quere explicar á administración galega aquelas prioridades europeas con maior repercusión en Galicia, ao tempo que se aproveita para achegar aos responsables europeos o traballo desenvolvido pola Xunta de Galicia en liña coas políticas europeas. Estes encontros propician unha conversa informal de interese para ambas administracións.
3. **Visitas institucionais**: a FGE seguirá deseñando axendas e asesorando aos membros do Goberno galego e outros altos cargos da Xunta nas súas visitas á capital europea.
4. **Redes de cooperación rexional europea**: Galicia participa en varias redes de cooperación tanto de dimensión territorial, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), como sectorial, no campo da I+D+i (ERRIN), o turismo (NECSTOUR) ou a innovación industrial (Vanguard Initiative). A FGE presta apoio aos distintos departamentos da Xunta de Galicia para sacar o máximo proveito a estas redes, tanto na defensa duns intereses comúns ante a UE, como para a posta en marcha de proxectos europeos por mor dos contactos feitos nelas.
5. **Reforzo da presenza galega nas institucións comunitarias**. A FGE continuará traballando para reforzar a influencia que supón a presenza de galegos nas institucións comunitarias mediante:
  - A promoción das posibilidades que teñen os empregados públicos de traballar durante un período de tempo limitado nas institucións europeas

- A promoción das oportunidades de traballo e prácticas na UE entre a mocidade galega
- A organización de actividades específicas e continuadas no tempo para os galegos que xa traballan nas institucións comunitarias, como encontros cos representantes políticos galegos que visitan Bruxelas ou a organización de conferencias con destacados persoeiros galegos. En 2024, a FGE participará tamén na organización dun festival de música galega na capital europea en colaboración cunha asociación de mozos galegos que traballan no entorno da UE.

6. **Participación autonómica no Consello:** na segunda metade de 2024, Galicia representará ás CCAA no Consello en materia de Medio Ambiente. A FGE prestará apoio á Xunta de Galicia para esta coordinación autonómica.

7. **Colaboración con entidades galegas en Bruxelas.** A oficina da FGE en Bruxelas presta apoio a aquelas entidades galegas públicas ou privadas que queren achegarse a Bruxelas para participar de modo efectivo no proceso de decisión comunitaria e nos programas europeos en beneficio do desenvolvemento de Galicia. Con este obxectivo, pon á súa disposición o seu coñecemento e facilítalles, no seu caso, un espazo común de traballo en Bruxelas. É o caso actualmente de FEUGA e CONXEMAR, que alugan un espazo na oficina da FGE en Bruxelas.

## ÁREAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Como continuación do seu traballo de 2023, a Fundación Galicia Europa centrará o seu labor de defensa dos intereses galegos perante a UE nas seguintes áreas: Pacto Verde, transición xusta, crise da enerxía, política pesqueira común, Política Agraria Común, Política Rexional e orzamento comunitario, a revisión da RTE-T, os retos demográficos e a I+D+i.

### Pacto Verde

O Pacto Verde Europeo destacou como unha das grandes apostas da Comisión von der Leyen, chegando a configurarse como un dos pilares da recuperación -de feito, cada un dos Plans nacionais de Recuperación e Resiliencia debe incluír un nivel mínimo do 37% de gasto no campo climático-. Porén, antes de que chegase a crise sanitaria, o Pacto Verde xa fora concibido como a nova estratexia de crecemento da UE, destinada a "impulsar unha sociedade (...) na que non haberá emisións netas de gases de efecto invernadoiro en 2050".

Saída á luz en decembro de 2019, **esta estratexia foise esmiuzando en varias iniciativas de relevancia -o Plan de acción para a economía circular, o Mecanismo de Transición Xusta ou a estratexia de biodiversidade- das que a FGE fixo un seguimento pormenorizado ao longo destes anos, dada a**

**importancia que estas presentan para Galicia.** A nosa comunidade é unha das rexións europeas pioneira na posta en marcha do Pacto Verde, con iniciativas como a oficina de coordinación do Pacto das Alcaldías, que conseguiu que máis do 90% dos municipios galegos se adhira a esta iniciativa e traballen a prol da transición enerxética; a futura Lei do Clima de Galicia, que recoñecerá como obriga legal a ambición climática de acadar a neutralidade en 2050 ou a Alianza Galega polo Clima, que reúne a todas as partes interesadas para buscar medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxías na acción climática da rexión.

Acadar a neutralidade require, ademais, dunha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro do 55% de aquí a 2030. Para que esta meta intermedia de redución se poida converter nunha realidade, foi preciso imaxinar un marco de actuación mellorado para os próximos anos, aplicado a través de lexislación específica -nova ou revisada- que abarca ámbitos como as enerxías renovables, o transporte ou a eficiencia enerxética. Foi por iso que en xullo de 2021 se presentaba o **"Obxectivo 55", un paquete lexislativo do que a FGE realizou varias análises técnicas sobre aquelas propostas de relevancia para Galicia**, como o Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono, que garante que as mercadorías importadas paguen un prezo equivalente de carbono en sectores específicos, ou o Fondo Social para o Clima, que tratará de mitigar a repercusión social da introdución do réxime de comercio de dereitos de emisión para os edificios e o transporte por estrada.

**En 2024, a FGE centrará a súa atención nas negociacións dos expedientes pendentes de aprobación** no marco de "Obxectivo 55", como, por exemplo, a revisión da Directiva sobre fiscalidade da enerxía, que propón unha supresión das exencións tributarias actuais ao combustible dos barcos. A FGE estará atenta tamén ao debate sobre o establecemento dun obxectivo climático para 2040, cuxa proposta está prevista para o primeiro trimestre do vindeiro ano.

Na transición cara a unha economía de cero emisións netas, a competitividade de Europa dependerá en gran medida da súa capacidade para desenvolver e fabricar as tecnoloxías limpas que fan posible esa transición. Para acadar este obxectivo, a Comisión Europea publicaba o pasado febreiro o "Plan Industrial do Pacto Verde", integrado por un marco temporal de crise e transición, que concede facilidades no eido das axudas estatais para fomentar o financiamento de tecnoloxías limpas, así como por tres propostas lexislativas relativas á reforma do mercado da electricidade, ao aumento da competitividade da fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas na UE e ao acceso e subministro de materias primas fundamentais.

**A FGE estudará a posta en marcha destas propostas e a súa capacidade para mitigar os riscos existentes para as cadeas de subministración das que depende a UE**, xa que Galicia conta con reservas en 15 dos 34 minerais definidos como estratéxicos pola UE e coa única mina de coltán en Europa actualmente en explotación. Tamén resultan de relevancia para iniciativas como "Impulsa Galicia", a sociedade público - privada auspiciada pola Xunta que se apoia en sectores

estratéxicos da nosa rexión para promover iniciativas empresariais que favorecen a transformación da economía galega.

Outro dos retos principais do Pacto Verde Europeo é a preservación da biodiversidade. Neste ámbito, **a FGE analizará as implicacións, especialmente no ámbito pesqueiro, da posta en marcha da Lei de Restauración da Natureza**, mediante a que se solicitan medidas de restauración en polo menos o 20% das zonas terrestres da UE e o 20% dos seus mares de aquí a 2030. Cando sexa preciso, **reforzará, ademais, os argumentos en favor da revisión do status de protección do lobo, enmarcado nunha discusión máis ampla a nivel europeo sobre o aumento dos grandes carnívoros en Europa.**

Así mesmo, **a FGE fomentará un ano máis o debate sobre o Pacto Verde e a acción climática entre a sociedade e a administración galega, compromiso derivado da súa adhesión ao Pacto Europeo polo Clima**, que desexa dar voz ás partes interesadas para impulsar o intercambio de información sobre a transición ecolóxica. **No ámbito internacional, apoiará á Consellería de Medio Ambiente** á hora de establecer sinerxías con outras partes interesadas durante a Conferencia das Partes (COP) da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático.

### Transición xusta

Aínda que todas as rexións precisan financiamento para acadar a transición verde, non todas elas asumen este proceso do mesmo xeito. Para moitos territorios, esta transición supón unha transformación en profundidade das súas economías, cambios estruturais nos modelos de negocio e novos requisitos en materia de cualificacións.

Para garantir que todas as rexións consigan unha economía climaticamente neutra, a UE estableceu un Mecanismo de Transición Xusta (MTX), dirixido ás rexións dependentes do carbón e intensivas en carbono, que contan con industria como as do aceiro, aluminio ou produción de papel. O MTX trata de mobilizar durante o período 2021-2027 preto de 55 000 millóns de euros en investimentos públicos e privados a través dos seus tres piares: un réxime de Transición Xusta no marco do programa de investimentos da UE (InvestEU), un instrumento de préstamos ao sector público e o Fondo de Transición Xusta (FTX), do que Galicia é beneficiaria.

A Coruña, por ter sido identificada como zona de transición xusta debido aos peches das centrais de As Pontes e Meirama, recibe 111 millóns de euros -dos 879 correspondentes a España- do FTX. Neste sentido, **a FGE comezará un traballo de recompilación das deficiencias existentes á hora da aplicación dos recursos deste Fondo, de cara á unha posible renovación durante o próximo período de programación.** Tamén prestará atención ás **posibilidades de mellora das Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional (DAR)**, que nas zonas de transición xusta permiten unha flexibilización da aplicación do réxime de axudas estatais con respecto ás axudas a grandes empresas.

Para todo isto, **a FGE continuará dando apoio á Xunta de Galicia na súa participación na Plataforma Europea de Transición Xusta**, a cal proporciona dende 2019 asesoramento técnico ás rexións europeas, de maneira coordinada coa Comisión Europea e co Banco Europeo de Investimentos (BEI), para, por exemplo, poñer en funcionamento os plans territoriais de transición xusta ou unha reserva de proxectos que poidan ser financiados mediante o MTX.

Un dos sectores que se quedou fóra do ámbito de aplicación do Fondo de Transición Xusta durante as súas negociacións foi o da automoción, a pesar dos grandes cambios que terá que asumir nun período moi curto de tempo, dado que este ano se confirmou o 2035 como data a partir da cal no mercado da UE só se fabricarán turismos e vehículos comerciais lixeiros de cero emisións.

En Galicia, a industria do automóbil representa preto do 14% do seu PIB e emprega a máis de 23 000 persoas, o que se corresponde con case o 14% de todo o seu emprego industrial. A importancia deste sector para a nosa rexión, xunto co momento de transformación que este está vivindo, motivan que **a FGE forme parte de dous foros rexionais auspiciados polo Comité Europeo das Rexións (CdR), nos cales se impulsan todas aquelas iniciativas que fomentan unha transición xusta para as rexións automobilísticas europeas**, en colaboración coas institucións europeas e outras partes interesadas. Trátase do Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI), do que Galicia é membro dende a súa creación en 2009, e da **Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA), da que Galicia é unha das rexións fundadoras grazas ao traballo da Fundación Galicia Europa. A FGE forma parte do grupo de traballo de ARA e presta apoio á Xunta durante a súa participación nas reunións políticas.**

Xunto con outras 33 rexións membro, Galicia defende nesta alianza a necesidade de apoio financeiro para a transición do sector, en liña co proceso que xa se levou a cabo coas rexións consideradas en transición pola UE. Ademais, sacando partido da oportunidade que representa un novo mandato da Comisión Europea en 2024, intentará impulsar o nomeamento dun comisario europeo que aborde a transición xusta de todas as rexións automobilísticas.

## Enerxía

As enerxías renovables son un compoñente clave no marco de REPowerEU, o plan de acción destinado a recuperar a independencia enerxética da UE e a poñer fin ás importacións de combustibles fósiles rusos o antes posible. Galicia, onde o 75% da enerxía eléctrica procede de fontes renovables (32,5 puntos porcentuais por riba do obxectivo europeo), quere erixirse como un referente grazas a proxectos como a planta de xeración de hidróxeno verde a partir de hidrólise en As Pontes ou a planta de obtención de biometano a partir da transformación dos excedentes de xurro e outros residuos, situada en Meirama.

Así e todo, non se poden esquecer as posibilidades que ofrecen as fontes tradicionais de enerxía renovable, polo que **a FGE analizará o recentemente presentado Plan de Acción Europeo sobre Enerxía Eólica**, dado que a nosa rexión conta cos recursos eólicos precisos para converterse nunha potencia no ámbito da eólica mariña (ao tempo que se defende a súa coexistencia co sector pesqueiro). Así mesmo, e aínda que actualmente non nos atopamos nunha situación de crise no mercado da enerxía eléctrica, os prezos seguen moi altos, polo que **a FGE non perderá de vista as negociacións en curso sobre a reforma do mercado eléctrico da UE.**

### Política Pesqueira Común

O ano 2023 gozou dunha relevancia destacada no que respecta ao ámbito marítimo e pesqueiro, con certos fitos que condicionarán o traballo da FGE de cara a 2024.

En febreiro, a Comisión Europea presentaba un **ambicioso paquete de propostas para mellorar a sustentabilidade do sector da pesca e a acuicultura**, que xerou un amplo rexeitamento en Galicia e outras rexións europeas polo que a Fundación Galicia Europa artellou a elaboración dun ditame no seo do Comité Europeo das Rexións co obxectivo de liderar a posición das rexións e municipios europeos respecto do rumbo que está a tomar a Política Pesqueira Común (PPC). Baixo o título, "A política pesqueira común sobre o terreo: cara a comunidades costeiras sostibles e resilientes na UE", o ditame liderado por Galicia foi aprobado a finais de novembro en sesión plenaria tras seis meses de traballo de consulta coas partes interesadas e negociación co resto de membros do CdR. O ditame reivindica un maior equilibrio entre os tres piares de sustentabilidade nas que se sustenta a Política Pesqueira Común (medioambiental, económico e social), avoga por unha transición enerxética xusta e gradual do sector e reclama un sistema de xestión pesqueira baseado en datos máis precisos (tanto dos ecosistemas mariños como da dimensión socio-económica do sector).

De cara a 2024, a FGE velará por que este ditame goce dunha adecuada difusión e promoción no marco político e institucional europeo, garantindo que os seus contidos e reivindicacións obteñan o debido recoñecemento e logren influír nas prioridades políticas e no programa de traballo do executivo comunitario durante o próximo ciclo legislativo europeo.

Outro desenvolvemento importante en materia pesqueira foi o acordo definitivo entre o Consello da UE e o Parlamento Europeo respecto da revisión do Regulamento de control da pesca. Este acordo, adoptado o 30 de maio de 2023 e que puxo fin ao ciclo de revisión legislativa iniciado en 2018, dará lugar, en canto o novo Regulamento entre en vigor, a un **régime de control da pesca modernizado**, que actualizará un 70% das súas normas. A FGE prestará apoio á Consellería do Mar para trasladar á Comisión Europea as reaccións galegas que se deriven da aplicación das novas disposicións e estará atenta á normativa complementaria que a nivel europeo poida adoptarse.

Tamén prestará apoio á Consellería para a súa participación na **Alianza para a Transición Enerxética**, plataforma creada para fomentar a colaboración e o intercambio de coñecementos entre as partes interesadas do sector pesqueiro para promover a súa transición enerxética, por medio de diálogos e obradoiros sobre distintos temas. O obxectivo é elaborar unha folla de ruta con fitos e accións medibles para facer avanzar ao sector pesqueiro e acuícola da UE cara á neutralidade climática en 2050. A FGE buscará que a perspectiva e os intereses galegos se vexan reflectidos neste proceso de diálogo.

Por último, a FGE seguirá atenta á negociación da nova normativa relacionada coa mellora das normas de **seguridade marítima**, dentro da [estratexia europea](#) neste eido que acaba de ser renovada.

### Política Agrícola Común

A FGE fará un seguimento da aplicación da Política Agrícola Común 23-27 e do Plan Estratéxico de España, ademais do debate sobre a posibilidade de converter a actual visión a longo prazo para as zonas rurais nunha verdadeira Estratexia Rural da UE.

Entre os expedientes actualmente en negociación, destacan as propostas relativas á modificación das indicacións xeográficas protexidas, ao uso de pesticidas, á creación dunha rede de datos sobre sustentabilidade agrícola, á composición e etiquetaxe de produtos como a mel ou o leite (directivas do almorzo), a polémica lei de restauración da natureza ou á certificación das absorcións de carbono.

Ademais, a FGE estará atenta aos cambios, retiradas ou nova lexislación en materia de benestar animal, desperdicio alimentario, etiquetaxe nutricional e alimentario, política de promoción, novas técnicas xenómicas, restauración dos solos, plan escolar de froitas, verduras e leite, entre outros.

### Política Rexional

A FGE está atenta ao debate sobre a política de cohesión posterior a 2027 e dará forma a un posicionamento galego para contribuír activamente a el. O Comité Europeo das Rexións foi a primeira institución en poñer sobre a mesa certas ideas para influír nos debates internos da Comisión Europea, a cal publicará a principios de ano o 9º Informe de Cohesión para facer balance das medidas adoptadas nos últimos anos. A FGE traballará tamén estreitamente coa Conferencia de Rexións e Periféricas e Marítimas, rede moi activa a nivel europeo en defensa da política de cohesión.

Este debate está intimamente ligado ao do orzamento comunitario plurianual, que actualmente está a ser revisado para facer fronte á vontade de asistencia financeira a Ucraína, ao aumento dos tipos de interese (que incrementaron a débeda contraída por NextGenerationEU en 20.000 millóns de euros) e a afrontar os gastos da migración. En función dos resultados desta negociación, plantearase

o debate sobre o marco orzamentario posterior a 2027. Entre os temas sobre a mesa: o papel da política rexional como “comodín” para facer fronte ás distintas crises, a avaliación e resultados do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o aumento de recursos para outras partidas distintas ás tradicionais, como a PAC e a política rexional que representan case dous terzos do actual orzamento.

A FGE fará tamén un seguimento da Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP), en especial, das novas vías que abre para empregar os fondos estruturais no apoio á fabricación de tecnoloxías críticas en tres ámbitos: a tecnoloxía profunda e tecnoloxía dixital (microelectrónica, informática cuántica, IA?), tecnoloxías limpas (almacenamento de electricidade e calor; captura, almacenamento e utilización de carbono; hidróxeno) e a biotecnoloxía (biomoléculas, produtos farmacéuticos, tecnoloxías médicas...).

### Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)

A proposta de revisión desta rede, actualmente a debate entre o Parlamento e o Consello, recolle como novidade para Galicia a inclusión no Corredor Atlántico do tren de alta velocidade entre Oporto e Galicia.

A través do contacto directo co Parlamento Europeo e co Estado, e a través da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), a FGE vén tratando de influír nestas negociacións para asegurar a conexión de Vigo dentro do Corredor Atlántico, tanto para pasaxeiros como para mercancías e, dentro desta cidade, garantir a conexión co porto. De non concluírse as negociacións en Presidencia española, será a seguinte Presidencia belga a que pechará este expediente.

### Retos demográficos

Galicia leva moitos anos chamando a atención a nivel europeo sobre as dificultades que supón o declive demográfico da comunidade. Agora que este debate está dentro da axenda europea, cunha vicepresidencia da Comisión Europea dedicada a este tema e cun programa de traballo concreto no eido do envellecemento, da revitalización das zonas rurais e da loita contra a pobreza infantil, a FGE apoia á Xunta de Galicia para que siga contribuíndo coa súa experiencia. En concreto, á Plataforma para o Aproveitamento do Talento, inaugurada recentemente pola Comisión Europea. A FGE alertará tamén das oportunidades de financiamento e asesoramento que ofrece esta plataforma e do *Demographic toolbox*, unha ferramenta elaborada pola Comisión Europea para axudar ás rexións europeas a atopar solucións ao envellecemento da poboación, á diminución da forza laboral e á fuga de cerebros.

### I+D+i

GAIN traballa en Bruxelas, co apoio da FGE, por ampliar o número de axentes europeos cos que interactúa, buscando un mellor coñecemento e recoñecemento recíproco, así como compartir información útil de cara a **identificar alianzas e**

**redes relevantes e programas de financiamento** adecuados ás capacidades do tecido industrial e de investigación galego. A posta en marcha dos chamados “vales de innovación rexional” e o inicio do debate sobre o programa marco de I+D+i posterior a 2027 son algúns dos temas nos que GAIN e a FGE colaborarán en 2024.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	5	3.218
Bolseiros en prácticas	5	3.576

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas - directas	600
Persoas físicas - indirectas	6.000
Persoas xurídicas	40

## D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA PERANTE A UE	Reunións do Comité das Rexións, reunións na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	<b>300</b>

## ACTIVIDADE 2: PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS

### A) Identificación

<b>Denominación da actividade</b>	<b>Fomento da participación en proxectos europeos</b>
<b>Tipo de actividade *</b>	<b>Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia</b>
<b>Identificación da actividade por sectores **</b>	<b>Z01</b>
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	<b>Santiago/Bruxelas</b>

### Descrición detallada da actividade prevista.

A FGE pretende servir de porta de entrada ao mundo do financiamento comunitario, de forma que cada vez sexan máis as entidades galegas que participen en proxectos europeos co obxectivo de beneficiarse de financiamento europeo e mellorar a súa competitividade.

Por unha banda, a FGE brinda información sobre este tipo de financiamento a través dunha guía de financiamento propia referida ao actual marco financeiro plurianual 2021-2027 e dun apartado específico no seu sitio web. En 2024, colaborará tamén coa Conselleira de Facenda para intensificar a comunicación dos fondos estruturais en Galicia.

Por outra banda, a FGE conta cun programa de especialización en financiamento comunitario, TecEuropa, destinado a axudar ás entidades galegas a comprender a lóxica dos programas de financiamento e a promover unha rede de técnicos en Galicia especializados en proxectos europeos. En 2024, conta con volver organizar edicións presenciais en Bruxelas destes cursos tras catro anos de edicións integramente virtuais.

Por último, a FGE pon a disposición das entidades galegas a súa sala de conferencias para celebrar reunións relacionadas cos proxectos europeos e colabora en difundir este tipo de proxectos en redes sociais e a través da súa web.

En canto á **participación da propia FGE en proxectos europeos** no cadro das súas actividades de EuroXuventude, a FGE continuará participando en 2024 en cinco proxectos europeos nos que se embarcou entre 2022 e 2023:

- **Rural Youth of Europe (RUYOU)**, do programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores, vixente entre decembro de 2022 e abril de 2024. A

Fundación Galicia Europa participa como socia en colaboración con outras entidades de Galicia, Portugal, Malta e Romanía. A través de *creative jams* en liña e presenciais, mozos do rural buscan solucións á despoboación das zonas rurais.

- **Xuventude embaixadora dixital para pemes (DYAS)**, pertencente ao programa Erasmus+ e dunha duración de 24 meses, este proxecto prolongarase ata o 4 de abril do 2024. A Fundación Galicia Europa participa como socia xunto á AECT Eurocidade Chaves-Verín e a Asociación para o Desenvolvemento da Rexión do Alto Támega (ADRAT). Co fin de mellorar a proxección laboral dos mozos do rural a través do coñecemento das ferramentas dixitais, ofrece aos participantes formación e dous meses de experiencia axudando nun proxecto empresarial.
- **RuralYouthFuture**, do programa Interreg-Europe 2021-2027 e vixente entre marzo de 2023 e febreiro de 2027. Neste caso, a Fundación Galicia Europa é líder dun consorcio formado por entidades de España, Bulgaria, Eslovenia, Letonia, Portugal, Estonia e Bélxica. Novamente o seu público obxectivo é a mocidade das zonas rurais, á que pretende facilitarlle o acceso a novas oportunidades laborais atallando algunhas das súas problemáticas, tales como a escasa calidade laboral, o desemprego e a fenda dixital.
- **You Leaders: Líderes comunitarios en áreas rurais**, financiado polo programa Erasmus + e cunha duración de dous anos, estará vixente ata setembro de 2024. A Fundación Galicia Europa é socia xunto a outras entidades de España, Italia e Portugal. O seu obxectivo común é, a través de obradoiros e actividades, promover as habilidades de liderado e o espírito emprendedor entre a mocidade das áreas rurais do suroeste europeo.
- **Eurocidade 2023 – Novos enfoques para a gobernanza da cooperación transfronteiriza na Eurocidade Chaves-Verín**, do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. Vixente durante todo o ano 2024, conta coa participación da Fundación Galicia Europa, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta, a AECT Eurocidade Chaves-Verín e dúas entidades portuguesas. O proxecto busca reforzar a eficacia da administración pública, fomentando a cooperación xurídica e administrativa entre os distintos actores a ambos lados da fronteira.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	5	2.438
Bolseiros en prácticas	5	1.788

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas – directas	50
Persoas xurídicas	45

## D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	Asesoramento nas posibilidades de financiamento, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiamento comunitario, apoio na xestión de proxectos	80

## ACTIVIDADE 3: INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA

### A) Identificación

Denominación da actividade	Información sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade *	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista

A FGE céntrase en informar en Galicia sobre a evolución das políticas europeas, a participación galega nos asuntos europeos, as posibilidades de financiamento comunitario e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións.

A información especializada canalízase a través de contactos directos cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia co obxectivo de axudalos a comprender a evolución das políticas comunitarias que conduza a unha adecuada defensa dos intereses galegos no proceso comunitario de toma de decisións.

Para o gran público, a FGE difunde información a través do seu **portal web**, que ofrece actualidade europea e análise dende un punto de vista galego. Parte deste contido se adapta para difundir nos perfís da FGE en X e LinkedIn, onde tamén leva a cabo campañas informativas específicas como no Día de Europa, na Semana Europea das Rexións e Cidades e, especialmente o vindeiro ano, nas eleccións europeas. A FGE porá en marcha unha campaña para animar á votación nestes comicios, especialmente do público máis novo.

En 2024, a FGE continuará elaborando un **boletín dixital mensual** no que se difunden as novas relacionadas coa UE e coa participación galega nos asuntos comunitarios, así como unha selección de eventos relevantes, consultas públicas e convocatorias de proxectos. A FGE segue colaborando mensualmente con ECO - Revista do Eixo Atlántico para explicar a actualidade comunitaria en Galicia.

**#EuroXuventude** segue tendo un apartado propio na web. Con base no convenio renovado anualmente coa Consellería de Política Social, **#EuroXuventude** ten por obxectivo difundir noticias europeas relacionadas con formación, voluntariado ou participación xuvenil nos asuntos europeos, así como promocionar a "Guía de saídas laborais na UE e outras organizacións internacionais" elaborada pola FGE.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	4	1.073
Bolseiros en prácticas	5	1.788

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas – directas	7.500
Persoas xurídicas	25.000

## D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	Portal web, boletín, colaboracións con revistas, oficina de información xuvenil	450

## ACTIVIDADE 4: FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS

### A) Identificación

Denominación da actividade	Formación e sensibilización sobre a realidade europea
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista.

A maior parte dos recursos asignados a este obxectivo destinaranse a financiar as **catro bolsas de formación** para mozos galegos na oficina da FGE en Bruxelas, ademais da bolsa convocada en colaboración con GAIN. Actualmente, os períodos de prácticas van de setembro a xullo.

A FGE prestará tamén apoio á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para a formación dos empregados públicos en asuntos europeos, especialmente, mediante a organización dunha visita a Bruxelas dos responsables de asuntos comunitarios designados en cada consellería a raíz da Lei de Acción Exterior de Galicia.

No marco de #EuroXuventude, a FGE seguirá participando e colaborando en diversos foros relacionados coas **posibilidades de emprego e prácticas na UE**. Como o pasado ano, colaborará co embaixador EPSO na UDC para o curso 23-24, un estudante voluntario que participa neste programa da UE co obxectivo de informar sobre as oportunidades de emprego e prácticas da UE aos alumnos universitarios e en centros de ensino secundario e FP de Galicia.

**B) Recursos humanos empregados na actividade.**

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	6	3.120
Bolseiros en prácticas	5	1.788

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.**

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas – directas	300
Persoas xurídicas	40

**D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
FORMACIÓN SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA GALICIA	E Bolsas, cursos, seminarios e xornadas EN	12

## 2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UE EN GALICIA	FORMAR EN ASUNTOS EUROPEOS	TOTAL ACTIVIDADES	Non imputados a actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros							
a) Axudas monetarias		28.000,00		82.386,14	110.386,14		110.386,14
b) Axudas non monetarias							
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno.				5.300,00	5.300,00		5.300,00
Variacións de Existencias de produtos terminados e en curso de fabricación							
Aprovisionamentos							
Gastos de persoal	142.453,05	73.547,59	34.867,30	105.919,13	356.787,07	145.882,00	502.669,07
Outros gastos de Explotación	83.374,22	70.850,56	21.426,47	22.562,47	198.213,72	80.907,97	279.121,69
Amortización do inmovilizado	31.500,00	2.625,00	2.625,00	2.625,00	39.375,00	13.125,00	52.500,00
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado							
Gastos financeiros							
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros							
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros							
Impostos sobre beneficios							
<b>Subtotal</b>	<b>257.327,26</b>	<b>175.023,15</b>	<b>58.918,77</b>	<b>218.792,74</b>	<b>710.061,93</b>	<b>239.914,97</b>	<b>949.976,90</b>
Investimentos 'excepto bens patrimonio histórico)						6.000,00	6.000,00
Adquisicións bens patrimonio histórico							
Cancelación débeda non comercial							
Diminución de subvencións							
Diminución de débedas							
Aumento de debedores comerciais e outras contas para cobrar							
Aumento de periodificacións a curto prazo							
Aumento de tesourería							
<b>Subtotal</b>						<b>6.000,00</b>	<b>6.000,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>257.327,26</b>	<b>175.023,15</b>	<b>58.918,77</b>	<b>218.792,74</b>	<b>710.061,93</b>	<b>245.914,97</b>	<b>955.976,90</b>

### 3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

#### 3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
<b>Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio</b>	
<b>Vendas e prestacións de servizos das actividades propias</b>	<b>42.500,00</b>
Consellería de Política Social	42.500,00
<b>Ingresos comúns das actividades mercantís</b>	<b>10.500,00</b>
Aluguer oficina	10.500,00
<b>Subvencións do sector público</b>	<b>743.037,45</b>
Xunta de Galicia	661.948,67
Axencia Galega de Innovación	33.088,78
Consorcio Zona Franca de Vigo	18.000,00
Deputación da Coruña	15.000,00
Deputación de Lugo	15.000,00
<b>Achegas privadas</b>	<b>40.000,00</b>
ABANCA	40.000,00
<b>Outros tipos de ingresos</b>	<b>119.939,45</b>
Ingresos de proxectos europeos	109.939,45
Ingresos financeiros	10.000,00
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>955.976,90</b>

#### 3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	-
Outros deberes financeiros asumidos	-
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>-</b>